



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2011.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D^a María Amparo García Pernas.

D José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D José Manuel Raposo López.

Non asiste e se excusa:

D. José Fernando García Lesta.

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 7 de outubro de 2011, sendo as catorce horas, na sala de sesións da Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2011.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por unanimidade dos membros presentes.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2010.

O Sr. Secretario fai lectura da proposta da Alcaldía, da que o seu teor literal di



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

“ En cumprimento do artigo 201 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o cal establece que a suxeición o réxime de contabilidade pública leva consigo a obrigaición de render contas das respectivas operacións, calquera que sexa a natureza, ó Tribunal de Contas.

Sometida a Conta Xeral, tal e como esixe o artigo 212 do RDL 2/2004, á Comisión Especial de Contas o día cinco de agosto de 2011, e informada favorablemente pola mesma, someteuse a información pública (BOP nº 156, de 17 de agosto) xunto co informe da Comisión Especial de Contas, por un período de 15 días, e oito máis a efectos de reclamacións, non habendo ningunha reclamación, reparo ou observación o respecto.

Sendo necesario someter a Conta Xeral, unha vez cumpridos os trámites enumerados no parágrafo anterior, ó Pleno da Corporación, para a súa aprobación,

Propoño ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral desta Entidade correspondente o exercicio económico do 2010.

Segundo.- Render a Conta Xeral da Corporación ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas.”

O Sr. Alcalde manifesta que a Conta Xeral, documento eminentemente técnico, xa se ditaminou pola Comisión Especial de contas, expúxose ó público e agora procede a súa aprobación en Pleno para seguir os trámites pertinentes. Paso a palabra ós voceiros dos grupos por si queren facer algunha consideración.

Manifesta o Sr. Raposo que vaise abster xa que non foi concelleiro no exercicio 2010, e manifesta o Sr. Álvarez que o seu grupo votará a favor de cumprimentar o trámite.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta a votación, co seguinte resultado: nove (9) votos a favor, correspondentes ós Sres. concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e do PP, e unha (1) abstención, correspondente ó Sr. concelleiro do BNG.

3. EXPEDIENTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2011. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Secretario fai lectura da proposta da Alcaldía, da que o seu teor literal di

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Suplemento de Crédito 01/2011), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e tralo estudo da proposta formulada e informe de Intervención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC 01/2011, polo que se suplementará crédito na partida orzamentaria 0.31 por importe de 1.234,25 euros, para atender os gastos derivados da liquidación anual de intereses tal e como figura estipulado no contrato de préstamo co Banco de Crédito Local asinado o día 20 de xullo do 2004.

Segundo.- Financialo suplemento de crédito con cargo o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xenerais.

Terceiro.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Mesía, 3 de outubro de 2011. O ALCALDE Asdo. Mariano Iglesias Castro.”

O Sr.Alcalde manifesta que este concello ten concertado un préstamo de trescentos corenta mil oitocentos trinta e tres euros a vinte anos. Seguindo a simulación que nos remitiu o banco dotouse no orzamento o correspondente crédito para a amortización e os intereses, pero dadas as flutuacións que houbo nos tipos de interese, temos que suplementar crédito polo importe que se cita na partida correspondente.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. EXPEDIENTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/2011. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Secretario fai lectura da proposta da Alcaldía, da que o seu teor literal di

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO.

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito referencia TC 02/2011), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Interoención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

O artigo 14 do Real Decreto - Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, o aforro en custo do persoal debe destinarse, co seguinte orde de preferencia, ás seguintes finalidades:.

“a) A sanear el remanente de tesorería derivado de la última liquidación, cuando éste fuera negativo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- b) *A disminuir el nivel de endeudamiento a largo plazo.*
- c) *A la financiación de inversiones."*

Dado que neste concello non houbo remanente de tesourería negativo na última liquidación, correspondente ó ano 2010, a redución de custos de persoal do ano 2011 debe destinarse a amortización de débeda, polo que o importe do aforro en gasto de persoal dos diferentes capítulos 1 que máis abaixo se relacionan debe transferirse á aplicación orzamentaria de débeda pública (0.91), transferencia que, por ser entre diferentes grupo de función, corresponde ó Pleno.

É polo antedito polo que se propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC 02/2011, polo que se transfire crédito das aplicacións orzamentarias sinaladas na seguinte táboa á aplicación orzamentaria 0.91 (débeda pública).

<i>PARTIDAS NAS QUE SE REDUCE O CRÉDITO</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>PARTIDAS NAS QUE SE INCREMENTA O CRÉDITO</i>
9.11	600,00€	0.91
9.12	5.591,80€	0.91
9.15	350,00€	0.91
2.1124.13	1.733,48€	0.91
2.15	350,00€	0.91
9.13	2.073,10€	0.91
1.13	354,07€	0.91
1.15	50,00€	0.91
4.13	3.703,37€	0.91
4.15	250,00€	0.91
9.1116.13	722,16€	0.91
3.1114.13	742,12€	0.91
3.15	200,00€	0.91
2.1108.13	1,272,71€	0.91
TOTAL	17.992,81€	0.91

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, dende a publicación do anuncio no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. Se se presentasen, serán resoltas polo Pleno.

Mesía, 4 de outubro de 2011. O ALCALDE Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que esta é a cantidade que se recorta dos salarios dos traballadores en virtude do decreto lei 8/2010 e que no noso caso dedícase á amortización do préstamo, xa que non temos remanente de tesourería negativo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (360/2011 a 477/2011).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 7 DE XULLO DE 2011 ATA O 22 DE SETEMBRO DE 2011.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros teñen copia das actas, dálle a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Álvarez, quen formula as seguintes cuestións:

- En qué situación se encontra o PXOM
- Cal é o nivel de endebedamento do concello.
- Cómo vai o tema dos enganches da auga.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Resposta o Sr. Alcalde, en relación co PXOM, que fai quince días entrevisteime co secretario xeral, estamos á espera do informe de patrimonio, que xa se pediu en decembro do ano pasado e en xullo deste ano, para mandalo á consellería, e que por fin nos remitan a avaliación ambiental para poder continuar o procedemento. A principios de ano coido que podemos ter boas noticias.

En canto á débeda a largo prazo temos o préstamo do que xa falei antes, concertado co BCL, do que debemos douscentos corenta mil euros, que é perfectamente asumible e nos supón uns dezaioito mil euros anuais de amortización máis intereses. O pago a provedores faise normalmente a trinta días, solemos pagar a fin de mes, e os únicos pagos que solemos retrasar son os de obras afectadas por subvencións, xa que esperamos a que se nos pague a subvención para pagar ó contratista. Somos un concello con fama de bo pagador, aínda estamos subsidiados nunha porcentaxe tan alta que se nos cortan os medios teremos que tomar medidas.

En canto ós enganches, podo sinalarlle que tiveron moita acollida e calculo que entre o setenta e o oitenta por cento dos que tiñan opción engancháronse.

De seguido, o Sr. Álvarez di que quere facer un rogo, que é que os membros da corporación destinen as asistencias a órganos colexiados a outros fins. Resposta o Sr. Alcalde que disto poderíase falar largo e tendido, pero, en todo caso, o que se cobra neste concello comparado con outros é clarisimamente á baixa. Manifesta o Sr. Álvarez que tamén trátase de facer xestos, respostando o Sr. Alcalde que non se trata de xestos, aquí ninguén vive das asistencias, as cantidades son módicas e tanto a concelleira como eu xa non as cobramos. Manifesta o Sr. Álvarez que non se trata de facer demagogia, faga vostede a conta do que supón as asistencias á Xunta de Goberno e ó Pleno, e vexa si se pode axudar a alguén.

O Sr. Alcalde da a palabra ó Sr. Raposo, quen manifesta que lle parece ben a proposta do Sr. Álvarez, sinalando o Sr. Alcalde que analizarase e tomarase en conta o dito.

Manifesta o Sr. Alcalde que, en relación co problema das ramas que invaden a estrada AC-223, fixen a correspondente xestión ante a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, como resulta do escrito do que lles facilitei copia, pero non se nos atendeu. Nos fixemos algún arranxo nas nosas pistas pero nesa non temos competencia.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as catorce horas e trinta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,